



ACTA Nº 2021/14

SESIÓN Extraordinaria DO PLENO DA CORPORACIÓN

- SALÓN PLENOS CONCELLO DE CEE, luns 15 de novembro de 2021 -

No día de hoxe, ás 20:00 horas, baixo a presidencia da alcaldesa, reúnen os concelleiros e concelleiras que se indican, coa asistencia da secretaria, que subscribe, e a Sra Interventora, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, Sesión Extraordinaria do Pleno da Corporación.

ALCALDESA: MARGARITA LAMELA LOUZÁN
RUBEN VILLAR AGULLEIRO
EMILIA MARÍA TRILLO LOJO
JUAN MANUEL BUITURON CARBALLO
ANTONIO DOMINGUEZ GARCÍA
ÁGUEDA MARÍA DÍAZ MEJUTO
MARÍA VICTORIA AREAS POSE
RAMÓN VIGO SAMBADE
PILAR IGLESIAS LEMA
MARÍA DEL CARMEN DÍAZ FREIRE
SERXIO DOMINGUEZ LOURO
CESAR FERNANDO PÉREZ MARTÍNEZ
INTERVENTORA: ROSA Mª FERNÁNDEZ CANOSA
SECRETARIA: ROCÍO HERMIDA CANCELA
AUSENTE: JUAN RAMÓN HERMIDA FANDIÑO (non xustifica ausencia)

Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que o alcalde, como Presidente, declara aberta a sesión. Procédese a tratar os asuntos incluídos na **ORDE DO DÍA**:

PARTE RESOLUTIVA

1. Declaración Institucional do Concello de Cee 2021: Día Internacional contra a Violencia de Xénero.

Considerando o seguinte:

“Na sesión realizada pola Comisión Informativa de Comisión Informativa de Presidencia, Benestar Social, Igualdade e Emprego o día martes 9 de novembro de 2021 emitiuse o seguinte **DITAME**:

2. DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DO CONCELLO DE CEE 2021. DÍA INTERNACIONAL CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO.

A Sra Trillo Lojo procede a lectura da seguinte:

**“DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DO CONCELLO DE CEE 2021
DÍA INTERNACIONAL CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO
25 de novembro, data sinalada en todo o mundo. Este Concello, en representación de**

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



todas as persoas que conforman o noso municipio, condena calquera tipo de violencia contra a muller, xa sexa física, psicolóxica, económica ou sexual, non admitindo ningún tipo de xustificación e expresando a maior das repulsas.

Porque violencia non é so a física, os golpes, os abusos. Violencia son as ameazas, violencia é o control non consentido que se exerce sobre nós para saber con quen saímos, con quen falamos, cómo vestimos. En definitiva violencia é a esixencia de submisión porque somos mulleres, tendo a súa máxima expresión no asasinato.

De xeito moi especial non queremos esquecer ás 1118 mulleres asasinadas en España dende o 1 de xaneiro de 2003, data na que se empezaron a contabilizar as mortes de xeito oficial. Cando a ONU califica de pandemia a violencia exercida contra as mulleres vemos que non está esaxerando en absoluto.

O Concello de Cee ten o convencemento de que só a través dunha responsabilidade compartida entre o conxunto da cidadanía e os poderes públicos, poderemos erradicar definitivamente esta terrible lacra social. Eliminala das nosas vidas e protexer ás vítimas non é unha opción, senón unha obriga

Por todo isto:

- seguiremos traballando co resto das institucións no marco do Pacto de Estado contra a violencia de xénero, deste xeito, o Concello de Cee participa, na campaña "DE FRONTE Á VIOLENCIA DE XÉNERO", da Área de Igualdade da Deputación da Coruña, e na campaña "EN NEGRO CONTRA AS VIOLENCIAS".
- asumimos o noso compromiso de loitar contra todo tipo de violencia machista, denunciando as agresións, apoiando ás vítimas, non permanecendo en silencio ante a violencia e trasmitindo ás xeracións futuras o respecto á igualdade das mulleres e homes. Dende o Concello promovemos a campaña "CEE CAMIÑANDO POLA IGUALDADE" composta por unha serie de actividades a desenvolver ao longo deste ano e do 2022.

Co desexo de que no futuro non haxa ningún motivo para conmemorar o día 25 de novembro como o "Día Internacional da Eliminación da Violencia contra as Mulleres" e co convencemento de que non existen barreiras ideolóxicas, nin políticas, que poñan freo a unha loita común contra a violencia sexista, este Concello adquire o firme compromiso de loitar contra todas as manifestacións de violencia que sufren as mulleres nesta sociedade, amosar o rexeitamento a todos aqueles que a exercen, promover o cambio social mediante unha posición de fronte ao machismo e non ser cómplices co silencio.

Asinado dixitalmente ao marxe.



Emilia M.^a Trillo Lojo

Concelleira Delegada de Benestar social, Igualdade e Emprego.”

Sométese á votación a declaración e resulta ditaminada favorablemente por unanimidade dos asistentes.”

A secretaria, ROCÍO HERMIDA CANCELA.”

-----VOTACIÓN-----

Sométese á votación a Declaración e resulta aprobada por unanimidade dos presentes na sesión plenaria.

2.Proposta de Alcaldía relativa á transferencia de crédito nº 8/2021 para tratamento de residuos.

Considerando o seguinte:

“Na sesión realizada pola Comisión Informativa de Comisión Informativa de Economía e Facenda o día venres 5 de novembro de 2021 emitíuse o seguinte **DITAME**:

“2.- Proposta de Alcaldía relativa á transferencia de crédito nº 8/2021 para tratamento de residuos.

Sometido o asunto a votación, cos votos a favor da Sra Alcaldesa e D. Rubén Villar e a abstención do resto dos integrantes da Comisión, a Proposta de Alcaldía, recollida a continuación, queda favorablemente ditaminada:

“PROPOSTA ALCALDÍA.

ASUNTO: Transferencia de Crédito 8 /2021 para tratamento de residuos.

EXPEDIENTE Nº: 20201/T002/000030

D. Margarita Lamela Louzán, alcaldesa do Concello de Cee, tras valorar a insuficiencia de crédito na aplicación orzamentaria relativa os gastos de tratamento de residuos, vistos os créditos dispoñibles nas aplicacións destinadas a gastos de persoal ante a necesidade de realizar un gasto imputable á citada partida, PROPOÑO AO PLENO DA CORPORACIÓN:

PRIMEIRO: Dotar a partida do crédito suficiente para sufragar a realización do gasto, mediante a correspondente modificación orzamentaria, dentro do orzamento para o 2020 prorrogado para 2021 (baixo a modalidade de transferencia de crédito, minorándose as partidas incluídas na ficha anexa), por un importe de 56.000 €.

SEGUNDO Este importe se destinará a facer fronte ós gastos que ocasionará o gasto de tratamento de residuos do Concello de Cee.



FICHA DE TRANSFERENCIAS PROPOSTAS – EXPEDIENTE 06/2021

PARTIDA	IMPORTE	PARTIDA	IMPORTE
DISMUNC	DISMINUC	AUMENTO	AUMENTO
920/121.03	7.365€	162.3/227.00	
920/120.00	7.286€		
920/121.00	8.861€		
920/130.00	32.488€		
TOTAL			56.000€

Alcaldesa do Concello de Cee. Margarita Lamela Louzán.”
A secretaria, ROCÍO HERMIDA CANCELA.”

-----INTERVENCIÓNS-----

TC: Transferencia de crédito.

PX: Plan xeral.

Intervén a Sra alcaldesa e di que xa coñecen a proposta, xa foi debatida na comisión, algunha intervención?

Sr Domínguez García: foi debatida moitas veces, no pleno de setembro levase unha TC para obras, que a rechazamos porque cando chegamos tanto a comisión como pleno descoñecíamos para que se facía, logo outro pleno en outubro onde se traen as obras, algunha que propuxemos pero non se nos garantiza que se van facer, perdemos un mes enteiro e non ia dar tempo lle dixemos que si traía a comisión a semana seguinte e valorala e con prazos execución votabamos a favor, e convocou comisión e pleno pero non se trataba para nada, é a mesma TC pero non de obras senón para tratamento de residuos, Sogama, osea xa non se fan as obras de quita-medos Ameixenda e Lires, saneamento para 4 casas de Pallares, limpeza de cunetas para evacuación auga Canosa Lires, Duei Lobelos, Chafaris Bedan, Lobelos, de Gures dende a pista Caneliñas, bomba na rotonda, pista en Pereiriña, acera en Cee, pista nas Laxes, pista Fadibón, esta non estaba pero falouse dela porque dicía o Sr Villar que había que pedir permiso a oposición, algo así. Entón, preguntamos chegados a outubro un desvío de 74000 euros na partida de residuos, creo que as alarmas non tiñan que saltar en novembro senón antes, que pasa aquí?, entendo que o ano pasado e anterior non saltaron pola pandemia, os bares non funcionaban, pero este ano si que tiveron que saltar as alarmas, porque falamos de 74000 euros non de dúas pesetas, había que buscar remedio o tema, a pesar de todo eso, o noso grupo votará a favor si, as condicións non son cousa doutro mundo senón que tiñan que estar feitas e outras en proceso, si se corrixe o de Sogama, haberá que facer algo, falar con Fisterra e Corcubión e pesar os camións, que son 2 un de mañá e outro noite e facer una campaña de sensibilización porque falamos moitos cartos, estou farto de falar dese tema, levamos dous anos e aínda non aprobamos esta vez veña como veña vou aprobar, sacámolo para adiante e punto, si se trae o PX para aprobación inicial, as reformas puntuais do trancho e codesos e logo Sr Villar, que diga os de Fadibon e os que se vexan afectados que si estas obras si non se fan non é pola oposición senon pola mala previsión e xestión do goberno, si se cumpren esas cousas votaremos a favor senón en contra.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



Sr Vigo Sambade: nos sorprende desta TC unha cuestión, que ven poucos días despois de ser rexeitada a anterior, destinada a obras e polo mesmo importe 56.000 euros veña unha TC agora para dúas facturas que están mais esaxeradas do previsto, se convoca a comisión cando nos din nela que a ultima factura chegou o 28, despois de convocar a comisión, casi un milagre, nos sorprende tamén que a necesidade é de 40 e pico mil según dixo a interventora na comisión, si se necesitan eses porque 56.000 euros que coinciden co que se pretendía facer cando no pleno anterior viñeron para unha obras, entendemos que hai algo raro, que non chegamos a comprender e a nosa posición vai ser contraria a aprobación da TC.

Sra alcaldesa: Sr Vigo, no hay nada raro, simplemente que en es partida van otros gastos, que en principio non eran previsibles y le digo porque van, cuando usted gobernaba aprobó un pliego para limpieza viaria donde las bajas y sustituciones y vavaciones de los 2 trrabajadores del Concello tiene que hacerse cargo el concello, resulta que las bajas laborales fueron considerables durante este año y uno de ellos continua con esas bajas, y va a esa partida hablamos de mas de 50.000 euros, casi 40 y tantos mil euros que pagamos a mayores. Luego nos encontramos tambien con alguna sorpresa en este ejerccio como fue una sentencia donde tuvimos qe pagar 50000 euros a una trabajadora y el motivo porque no se había nombrado letrado para defensa en un procedimiento y nos condenaron al pago de 50.000 porque se consideró confeso al concello por no nombrar abogado son cosas con las que tenemos que lidiar y con las que vamos resolviendo no hay nada raro sino todo lo contrario, resolvemos situaciones de legislaturas anteriores y suceden como le pasaría a usted, nada más, a veces hay que hacer estos cambios, si no hubiera eso tendríamos más dinero, respecto a lo que dice el Sr Domínguez, supongo que en parte ya contesté y respecto al PX ya se habló con la empresa que tiene que presentar para aprobación inicial antes de diciembre, igualmente ya se trató con un letrado y con Estudio Técnico Gallego, la empresa redactora, para hacer la modificación puntual, está en contacto el letrado con Estudio Técnico, respecto a Sogama, hay una negativa, antes Ferroatlantica dejaba pesar, ahora no deja, el probema es que no dejan, ya lo pregunté, no tenemos donde pesar, no es solo Fisterra y Corcubión, sino tambien es Dumbría, somos los cuatro que reparten por el número de habitantes, la solución es cuando hagan la planta de transferencia se prevé para el 2023, y tenemos que lidiar así, trataré de volver hablar con Xeal por si dejan, lo intentaré de nuevo porque nos pasan unos costes que no nos corresponden.

Sr Domínguez García: fala dunhas sentencias que non ten que ver co que aprobamos agora.

Sra alcaldesa: está vinculado.

Sra Iglesias Lema: Usted pretende decir que el alcalde anterior no designó letrado porque no lo consideró? Dijo en su mandato no designó letrado, usted sabe como funciona, ...intelixible.

Sra alcaldesa: me respeta cuando hablo por favor, yo respeto a cada uno de la misma manera cuando hablo quiero que se me permita terminar, yo lo que he dicho es lo que vi en la sentencia, establece claramente que el concello fue declarado por confeso por non defenderse y no tener designado letrado era el alcalde el Sr Vigo yo no se lo que sucedió, al final tenemos que pagar a una trabajadora sobre 50000 a raíz de eso porque el resto de procedimientos por los mismos motivos y que se designó letrado se ganaron todos, es el dato objetivo, y respecto a lo que me dice Sr Domínguez la bolsa está vinculada y los gastos de vacaciones, sustituciones está vinculada a esta bolsa.

Sr Domínguez García: a min a Sra interventora díxome que era para eso e ademais si fala con Xeal non dirá que non porque senón seguiremos pagando factura de Fisterra e Corcubión, ata agora pagamos a piscina e agora a basura.



Sra alcaldesa: eso viene pasando desde hace años

Sr Domínguez García: que haxa que suplementar partida con 70000 euros

Sra alcaldesa: porque no se estaba pagando o no había estas bajas de trabajadores porque teníamos a lo mejor 50000 euros en la bolsa.

Sr Domínguez García: tenían que saltar antes as alarmas non agora en novembro, e poñer remedio, insisto esto que pedín antes é un tema que tiña que estar todo feito.

Sra alcaldesa: lo que?

Sr Domínguez García: o que decía, correxir o de sogama, Plan Xeral a aprobación inicial das dúas reformas

Sra alcaldesa: el plan xeral también lo pudo dejar hecho y no lo hizo, no lo trajo al pleno, a veces olvidan que hubo una situación

Sr Domínguez García: yo deje el PX listo si no se aprobo fue porque no quería solo con los votos del PP fué esa la razón.

Sra alcaldesa: tenía que haberlo dejado hecho

Sra Díaz Mejuto: durante el mandato de el ya tenía oposición, ahora es su mandato y tenemos que hacer oposición lo que le dice

Sra alcaldesa: el Sr Dominguez se defiende bien

Sra Díaz Mejuto: si usted pide respeto yo también, no digo nada malo ni falto el respeto a nadie

Sra alcaldesa: mire en este pleno como se está permitiendo intervenciones por todos los concejales si me voy al reglamento quien tiene la palabra son los portavoces, estoy debatiendo con Sr Domínguez, si cuando acabe algún concejal quiere intervenir lo hace lo que no parece es respetuoso ni correcto, así pasaba en la legislatura pasada igualmente.

Sr Domínguez García: insisto yo no me arrepiento para nada de lo que hice y no me diga cosas de hace 30 años

Sra alcaldesa: claro que pueden estar cosas hechas, pero a veces nos olvidamos una circunstancia de pandemia que el tramite administrativo quedó limitado en muchas actuaciones, ante una situación especial y de gestión especial y no se tiene en cuenta

Sr Domínguez García: durante ese tiempo se contrató una empresa privada que tiene que cumplir porque estamos con la disculpa de la pandemia

Sra alcaldesa: en la legislatura pasada, se inició el procedimiento que quedó desierto o algo pasó luego se volvió a sacar y se terminó ese procedimiento en esta legislatura.

Sr Domínguez García: en junio tenía que estar preparado para aprobación inicial.

Sra alcaldesa: pues está el técnico con el informe correspondiente y lo tendrán que presentar antes de navidad.

-----VOTACIÓN-----

Sométese á votación a proposta e non resulta aprobada no seguinte sentido: 4 votos a favor do grupo político PSOE, 6 en contra dos grupos políticos PP e IXCee e 2 abstencións do grupo político BNG.

Ás 20:20 horas non hai máis asuntos que tratar. Por orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, da que eu, secretario, dou fe.

A secretaria, Rocío Hermida Cancela

A alcaldesa, Margarita Lamela Louzán.